

BASES DA CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DO/A DIRECTOR/A DO CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO

O Centro Coreográfico Galego ten, entre os seus obxectivos, ser un referente e un apoio para a creación coreográfica galega. Como unidade de produción coreográfica da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic), ten como obxectivo a realización dunha programación que faga posible que o espectador da nosa comunidade teña unha visión completa do panorama da danza galega contemporánea.

Conforme ao disposto na Lei 4/2008, de 23 de maio, pola que se crea a Axencia Galega das Industrias Culturais, corresponde aos órganos de dirección da Axencia, a elaboración da relación de postos de traballo daquela, conforme á lexislación xeral en materia de función pública.

O persoal directivo da Agadic é nomeado e cesado polo Consello de Dirección, a proposta do director ou directora, atendendo a criterios de competencia profesional e experiencia entre persoas con titulación superior, mediante procedemento que garanta o respecto aos principios de mérito, capacidade, concorrencia e publicidade.

En consecuencia, pola presente Resolución, establécense as bases para a provisión do devandito posto de traballo.

BASES

Primeira.- Normas xerais

1.1 Número e características da praza

Convócase proceso de selección para a contratación, baixo a modalidade de alta dirección ao abeiro do Real Decreto 1382/1985, de 1 de agosto, dunha praza de *director/a do Centro Coreográfico Galego*, coa titulación académica de licenciado/a universitario/a ou equivalente.

As tarefas a desempeñar polo/a candidato/a que resulte elixido/a serán:

- 1) Exercer a dirección artística do Centro Coreográfico Galego.
- 2) Dirixir, coordinar e planificar a actividade das sedes ao seu cargo.
- 3) Decidir o plan de programación anual do Centro Coreográfico Galego.
- 4) Seleccionar e propoñer as compañías artísticas e/ou produtoras encargadas de producir cada espectáculo programado. Facer a selección e proposta dos artistas que sexa

necesario contratar para aqueles espectáculos que o requiran. En xeral, xestionar o programa de actividades culturais do Centro Coreográfico Galego.

- 5) Impulsar os acordos de cooperación e colaboración con outros centros análogos e, en xeral, con cantas institucións públicas e privadas poidan coadxuvar á consecución dos fins do Centro.
- 6) Exercer a representación ordinaria do Centro.
- 7) Desenvolver cantas outras funcións lle sexan expresamente encomendadas pola Dirección da Axencia Galega das Industrias Culturais.

No desenvolvemento dos seus labores, estará sometido/a a avaliación conforme os criterios de eficacia, eficiencia e cumprimento da legalidade, responsabilidade pola súa xestión e control de resultados en relación cos obxectivos que se lle fixen.

Se a persoa designada tivese a condición de funcionario/a, permanecerá na situación de servizos especiais no seu respectivo corpo ou escala ou na que corresponda consonte a lexislación laboral se tratase de persoal deste carácter.

A praza, está dotada cunha retribución bruta de 39.432,89 euros, e a contratación farase con cargo ás aplicacións orzamentarias 11.A1.432B.130 e 11.A1.432B.160 da Agadic.

O posto de traballo está situado na Coruña.

1.2 Procedemento de selección

Libre designación polo Consello de Dirección, a proposta do director da Agadic, atendendo a criterios de competencia profesional e experiencia entre persoas con titulación superior.

1.3 Incompatibilidades

O posto de traballo están sometidos ó réxime xeral de incompatibilidades establecido na Lei 53/1984, do 26 de decembro, e disposicións complementarias.

Segunda.- Requisitos dos aspirantes

2.1. Xerais

Para seren admitidos os aspirantes deberán reunir no último día do prazo de presentación de instancias os seguintes requisitos:

2.1.1 Nacionalidade: ser español ou nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea, ou nacional dalgún Estado ao cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois, dos nacionais dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, cando así prevexa o correspondente tratado, e dos nacionais dalgún Estado, ao cal en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito, así como os seus descendentes e os do seu cónxuxe, menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade que vivan ás súas expensas.

Así mesmo, poderán participar os que, non estando incluídos nos parágrafos anteriores, se atopen en España en situación de legalidade, sendo titulares dun documento que os habilite a residir e poder acceder sen limitacións ao mercado laboral. En consecuencia poderán participar os que se atopen en situación de residencia temporal ou residencia permanente, así como os refuxiados.

2.1.2 Idade: ter cumpridos os dezaseis anos e non ter acadado a idade de xubilación.

2.1.3 Titulación: Posuír e acreditar a titulación académica esixida na base 1.1

2.1.4 Capacidade: Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

2.1.5 Habilitación: Non estar separado do servizo de ningunha Administración Pública en virtude de expediente disciplinario, nin encontrarse inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

Os aspirantes que non teñan a nacionalidade española deberán acreditar, igualmente, non estar sometidos a sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu Estado, o acceso á función pública.

Todos os requisitos enumerados nas anteriores bases deberán posuírse antes do remate do prazo de presentación de solicitudes e manterse ata o momento de toma de posesión da praza resultante deste proceso selectivo.

Terceira.- Solicitudes.

3.1 Forma

Quen desexe tomar parte na convocatoria, deberá formula-la súa solicitude no modelo de instancia que figura como **anexo I**, xunto coa seguinte documentación:

- a) Fotocopia compulsada do D.N.I., N.I.E ou pasaporte (sempre e cando o solicitante opte por non autorizar á Agadic ao acceso aos seus datos persoais).

Os aspirantes estranxeiros que residan en España deberán presentar, ademais, unha fotocopia cotexada da tarxeta de residente comunitario ou de familiar de residente comunitario en vigor ou, se é o caso, da tarxeta temporal de residente comunitario ou de traballador comunitario fronteirizo en vigor.

Os aspirantes que sexan nacionais da Unión Europea ou dalgún Estado ao cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, que non residan en España, ben por residiren no estranxeiro ou por atopárense en España en réxime de estadaía, deberán presentar unha fotocopia cotexada do documento de identidade ou pasaporte.

Os familiares dos anteriores deberán presentar unha fotocopia cotexada do visado e, se é o caso, do xustificante de ter solicitado a correspondente tarxeta. De non ter solicitados estes documentos, deberán presentar os documentos expedidos polas autoridades competentes que acrediten o vínculo do parentesco e unha declaración responsable de non estar separado de dereito do seu cónxuxe, se é o caso, do feito de que o aspirante vive ás súas expensas.

- b) Fotocopia compulsada ou cotexada da titulación académica esixida na base 1.1
- c) Currículo no que consten os méritos e circunstancias con relevancia para o posto de traballo convocado que o solicitante considere oportuno por de manifesto, referidos á data de finalización de presentación de solicitudes.

3.2 Destinatario, lugar de presentación e prazo

As solicitudes irán dirixidas ao director da Axencia Galega das Industrias Culturais e presentadas no Rexistro Xeral do Agadic situado na Rúa Vesada, San Lázaro, s/n, 15703 en Santiago de Compostela, (tfno: 981.57.71.26), e entregaranse ben persoalmente ou por calquera dos medios establecidos no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

As solicitudes subscritas polos españois no estranxeiro poderán cursarse a través das representacións diplomáticas ou consulares españolas correspondentes.

O prazo de presentación será de **DEZ DÍAS HÁBILES** contados a partires do día seguinte á publicación conxunta da presente convocatoria no taboleiro de anuncios e na páxina web da Agadic.

Cuarta.- Lugar de publicación

A presente resolución publicarase na páxina web da Agadic (www.agadic.info), así como no taboleiro de anuncios da Axencia.

Todas as listaxes que xere esta selección serán publicadas no taboleiro de anuncios da sede da Agadic (Rúa Vesada, San Lázaro, s/n, Santiago de Compostela) e na páxina web da Axencia. Teléfono de información: 981.57.71.26 (extensión 111- Rexistro Xeral da AGADIC)

Quinta.- Nomeamento

Unha vez nomeado/a polo Consello de Dirección, o candidato/a seleccionado/a, disporá de 5 días naturais para presentar na Agadic a seguinte documentación:

- Declaración baixo a súa responsabilidade de non ter sido separado do servizo de ningunha Administración pública en virtude de expediente disciplinario nin encontrarse inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas, así como de non exercer actividade pública ou privada incompatible co posto de traballo no momento da toma de posesión do posto.
- Certificado médico oficial no que se acrediten os extremos sinalados na base 2.1.4.
- Copia da tarxeta sanitaria.
- Certificado de conta bancaria.

Unha vez presentada dita documentación, o aspirante seleccionado tomará posesión do seu posto na data que indique a Dirección da Agadic.

Sexta.- Cláusula derradeira

Contra esta convocatoria, que non pon fin a vía administrativa, pódese interpoñer, recurso de alzada perante a Presidencia da AGADIC no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación.

Os actos que deriven desta convocatoria poderán ser impugnados nos casos e forma establecidos pola Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

En Santiago de Compostela, a 29 de abril de 2010.

O Director da AGADIC

Asdo.- Juan Carlos Fernández Fasero

**ANEXO I
MODELO DE INSTANCIA**

**SOLICITUDE DE ADMISIÓN PARA A SELECCIÓN DUN/DUNHA DIRECTOR/A DO
CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO - CONTRATO DE ALTA DIRECCIÓN**

Datos persoais

D.N.I./Pasaporte _____

Apelidos _____

Nome _____

Enderezo _____

Localidade _____ Provincia _____

Teléfono _____

Data de nacemento _____

Nacionalidade _____

Documentación que presenta

Fotocopia do D.N.I., N.I.E ou pasaporte. (sempre e cando o solicitante opte por non autorizar á Agadic ao acceso aos seus datos persoais).

Fotocopia compulsada ou cotexada xustificativa da titulación académica.

Currículo.

A persoa que asina abaixo solicita ser admitida no proceso selectivo a que se refire esta instancia e DECLARA que son certos os datos consignados nela.

En _____, ____ de _____ de 2010

**Sr. Director da Axencia Galega das Industrias Culturais
RÚA VESADA. SAN LÁZARO, S/N.
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA**